




XUNTA DE GALICIA

DELEGACIÓN TERRITORIAL  
DA CORUÑA

Xefatura Territorial da Vicepresidencia e Consellería  
de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

Edificio Administrativo Monelos  
Rúa Vicente Ferrer, nº 2  
15008 A CORUÑA



**D. Pablo Diego Moreda Gil**  
**Concello de Cedeira**  
**Rúa Real 15**  
**15350-Cedeira**

Refª S. ADMIN .LOCAL INT. CO - A12X00894 - Nº expte.: C-AU-104/2019  
ASUNTO: Resolución ampliación horario de peche  
Establecemento: Establecementos hostaleiros do concello de Cedeira  
Datas: 25 e 26 de xullo e do 10 ao 17 de agosto de 2019  
Solicitante: Pablo Diego Moreda Gil

## FEITOS

PRIMEIRO.- O 18 de xullo recibíuse a solicitude de D. Pablo Diego Moreda Gil, en representación do concello de Cedeira, para ampliar nunha hora o horario de peche dos establecementos hostaleiros do concello os días 25 e 26 de xullo pola festividade do Apóstolo Santiago e pola festividade de Santa Ana e dende o día 10 ata o 17 de agosto polas festas patronais.

SEGUNDO.-O 23 de xullo achegaron o pago da taxa

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

UNICO.- De conformidade co artigo 5.1, a) da Orde do 16 de xuño de 2005 pola que se determinan os horarios de apertura e peche de espectáculos e establecementos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 20 de xuño de 2005), os delegados provinciais *poderán autorizar ampliacións de unha hora sobre os horarios límite de peche no suposto de festas locais, patronais, do Nadal e verbenas populares*. Na actualidade a competencia ven establecida aos xefes territoriais en virtude do Decreto 245/2009, do 30 de abril (DOG do 01/05/2009).

Polo exposto,

RESOLVO conceder a ampliación dunha hora no horario de peche dos establecementos hostaleiros do concello de Cedeira (**unha hora sobre os horarios límite de peche establecidos para cada categoría de local**), os días 25 e 26 de xullo e do día 10 ata o día 17 de agosto, sen que proceda a ampliación a outros supostos ou datas, dado o carácter restritivo da administración de esta excepción.

Contra esta resolución poderá interpoñerse recurso de alzada ante o Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ó da notificación de esta resolución.

A Coruña, 23 de xullo de 2019

Ángel Pérez de León

A xefa territorial

P.S. (resolución do 08/07/2019)

O xefe do servizo de xustiza

